

2.2

políticas activas de emplego emplego

Aanálise deste punto partirá da información facilitada pola Fundación para a Formación Continua (FORCEM) e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Na primeira parte deste capítulo comentaranse as diferentes medidas de formación levadas a cabo polo FORCEM (convocatoria de 1998), que presentan como característica principal da súa xestión unha tendencia ó crecemento da solicitude de axudas á formación continua por parte das empresas e axentes participantes na promoción e execución dos diferentes plans. Nunha segunda parte farase referencia ás medidas de formación e colocación por parte da Xunta. A análise centrarase en tres grandes aspectos: a formación profesional ocupacional, o servizo galego de ocupación e as escolas obradoiros e casas de oficios e unidades de promoción e desenvolvemento.

En 1999, créanse o Instituto Galego das

Cualificacións, como instrumento específico de carácter técnico para garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional de Cualificacións, e o Comité Autonómico de Emprego e mailos Comités Provinciais de Emprego e Seguimento da Contratación Laboral, como órganos de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais más representativas.

As principais funcións do Comité Autonómico de Emprego son elaborar os criterios de actuación do Servicio Público Galego de Emprego (SPGE) e emitir informe sobre a memoria anual do mesmo; participar e informar sobre a planificación das políticas activas de emprego; analizar a información relativa ó mercado de traballo, así como ós programas e actuacións do SPGE; e emitir informe sobre a programación das distintas medidas das políticas activas de emprego canda a resolución sexa competencia dos servicios centrais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

CADRO 2.2.1.

Actividades de FORCEM nas CC.AA. 1998: plans e financiamento

	Plans solicitados	Financiamento solicitado	Plans aprobados	Financiamento aprobado	Plans certificados	Financiamento certificado
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
Andalucía	652	29.099	433	4.413	400	3.988
Aragón	169	5.989	136	1.909	131	1.798
Asturias	129	3.722	102	985	98	875
Baleares	132	3.952	99	909	93	712
Canarias	127	4.606	71	1.039	69	900
Cantabria	54	1.334	40	393	37	337
Castela e León	239	8.535	180	1.787	171	1.671
Castela - A Mancha	96	6.367	76	1.009	73	928
Cataluña	1.214	42.902	917	10.487	877	9.718
C. Valenciana	299	14.258	212	3.368	196	3.072
Estremadura	58	1.721	38	308	32	251
Galicia	294	12.739	224	2.874	209	2.638
Madrid	1.418	130.288	1.107	29.574	1.043	27.517
Murcia	82	3.405	56	748	51	689
Navarra	126	2.808	92	540	88	476
País Vasco	224	7.460	158	1.778	154	1.641
A Ríoxa	31	710	24	167	23	140
Ceuta	2	23	2	10	1	7
Melilla	3	18	3	6	1	3
Total	5.349	279.936	3.970	62.303	3.747	57.361

Fonte: FORCEM

Accións da FORCEM

• **Plans de formación.**- Na convocatoria de 1998 inclúese por primeira vez como posibles destinatarios das axudas a aqueles que as súas relacións laborais teñen carácter especial de acordo co artigo 2 do Estatuto dos Traballadores. Outras características da mesma son o anticipo do 100% da subvención concedida, que supón unha ampliación respecto á convocatoria de 1997, cando só se adiantaba o 75%; a obriga de que a execución das accións formativas coincida co ano natural, aínda que se permitiu a execución ata o 31 de marzo de 1999; ou a ampliación á posibilidade de promoción de plans de formación, ademais de ás organizacións empresariais e/ou sindicais, a aquellas entidades de economía social na medida en que participen directamente na negociación colectiva.

Atendendo á comunidade autónoma solicitante, o **cadro 2.2.1.** reflicte que a solicitude de plans concéntrase en dúas comunidades, Madrid e Cataluña (1.418 e 1.214, respectivamente).

mente), co 49,2% dos plans solicitados, en tanto que Galicia sería a quinta comunidade, co 5,5% (294 plans solicitados), situándose por detrás das dúas comunidades mencionadas e de Andalucía e a C. Valenciana.

Unha vez aprobados os plans, estas porcentaxes mantense. Así, Madrid e Cataluña acollen o 51% dos plans aprobados (1.107 e 917 plans), en tanto que en Galicia esta porcentaxe ascende ó 5,6% (224 plans).

No referente ó financiamento aprobado, o devandito cadro amosa que a Comunidade de Madrid absorbe o 47,5% do financiamento (29.574 millóns de pesetas), seguida de Cataluña, co 16,8% (10.487 millóns). Galicia foi a quinta comunidade, co 4,6% (2.874 millóns), superada, ademais de por Madrid e Cataluña, polas comunidades de Andalucía e Valencia, co 7,1% (4.413 millóns) e o 5,4% (3.368 millóns), respectivamente.

Comparado co ano anterior, prodúcese un crecemento xeralizado en canto á solicitude e

CADRO 2.2.2.

Plans de FORCEM nas CC.AA. 1998: participantes certificados segundo o seu tipo de afiliación á Seguridade Social

Régime Xeral	CA / total	Réx. esp. Autónomo (%)	CA / total (%)	Réx. esp. Agrario (%)	CA / total (%)	Fixos discontinuos (%)	CA / total (%)	Trab. en regul. de emprego (%)	CA / total (%)	Sen datos (%)	CA / total (%)	
Andalucía	157.426	13,19	15.525	25,32	12.635	28,70	1.543	12,98	187	36,24	1.246	13,40
Aragón	49.178	4,12	3.546	5,78	2.107	4,79	84	0,71	17	3,29	602	6,48
Asturias	30.284	2,54	1.244	2,03	572	1,30	24	0,20	2	0,39	255	2,74
Baleares	27.136	2,27	1.095	1,79	1	0,00	1.853	15,59	8	1,55	352	3,79
Canarias	36.355	2,96	1.046	1,71	821	1,86	395	3,32	6	1,16	737	7,93
Cantabria	16.477	1,38	930	1,52	877	1,99	36	0,30	-	-	125	1,34
Castela e León	64.988	5,45	3.451	5,63	3.661	8,32	96	0,81	18	3,49	491	5,28
Castela - A Mancha	33.274	2,79	2.602	4,24	2.377	5,40	77	0,65	18	3,49	391	4,21
Cataluña	239.606	20,08	9.517	15,52	2.191	4,98	1.909	16,06	71	13,76	1.236	13,30
C. Valenciana	103.800	8,70	5.673	9,25	2.212	5,02	3.053	25,69	33	6,40	732	7,87
Estramadura	18.356	1,54	1.850	3,02	3.522	8,00	74	0,62	26	5,04	361	4
Galicia	69.385	5,82	3.937	6,42	9.001	20,45	230	1,94	38	7,36	750	8,07
Madrid	253.724	2,26	5.401	8,81	202	0,46	785	6,60	68	13,18	1.089	11,71
Murcia	23.682	1,98	1.822	2,97	3.108	7,06	1.515	12,75	9	1,74	232	2,50
Navarra	19.175	1,61	1.153	1,88	263	0,60	156	1,31	4	0,78	153	1,65
País Vasco	42.018	3,52	1.941	3,17	117	0,27	20	0,17	10	1,94	285	3,07
Rioxa	7.984	0,67	491	0,80	355	0,81	24	0,20	1	0,19	206	2,22
Ceuta	933	0,08	62	0,10	1	0,00	2	0,02	-	-	41	0,44
Meilla	444	0,04	36	0,06	-	-	9	0,08	-	-	12	0,13
Sen datos	3	0,00	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	1.193.198	100	61.322	100	44.023	100	11.885	100	516	100	9.296	100

Fonte: FORCEM

certificación de plans de formación en case tódalas comunidades autónomas. Frente ó aumento do 12,5% no total de plans solicitados (pasa de 4.756 plans en 1997 ós 5.349 de 1998) e do 8,5% no de plans certificados (pasa de 3.453 plans en 1997 ós 3.747 de 1998) a nivel estatal, en Galicia este crecemento relativo foi do 27,8% (pásase de 230 a 294 plans neses dous anos) e 22,2% (171 e 209 plans), respectivamente.

Atendendo ós distintos colectivos participantes nesta convocatoria, o **cadro 2.2.2.** reflicte o predominio de participantes pertencentes ó réxime xeral da Seguridade Social. En Galicia, este número ascendeu ós 69.385 participantes, o que representa o 83,3% do total de participantes galegos (no caso español esta porcentaxe ascende ó 90,4%). Na distribución do 16,7% restante, un 10,8% corresponde ó réxime especial agrario (9.001 participantes), un 4,7% ó réxime especial de autónomos (3.937 participantes), un 0,3% a fixos discontinuos (230) e un 0,05% a traballadores en regulación de emprego (38).

Comparado coa situación en España, salienta que o peso relativo dos participantes pertencentes ó réxime especial agrario é do 20,5% do total español, sendo superado tan só por Andalucía, que acolle ó 28,7% dos participantes neste réxime. No caso dos autónomos, Galicia acolle o 6,4% dos participantes, sendo a quinta comunitade con máis participantes, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Madrid.

Tendo en conta as magnitudes rexistradas polo Mº de Trabajo y Asuntos Sociales, o colectivo de traballadores autónomos presenta en España unha taxa de participación nas accións formativas do 2,5% (dun total de 2.425 miles de autónomos, 61.322 autónomos foron formados no FORCEM nesta convocatoria). No concernente ó colectivo do réxime especial agrario da Seguridade Social (REASS), a taxa

de participación na formación continua en relación coa ocupación deste colectivo é do 3,8% (dun total de 1.159,9 miles de traballadores do REASS, 44.023 participantes deste colectivo foro formados nas accións do FORCEM). No caso de Galicia, a taxa de participación acada o 2,5% para o colectivo de traballadores autónomos (3.937 participantes, dos 154,5 miles de autónomos rexistrados polo Ministerio de Traballo, foron formados nas accións do FORCEM na convocatoria de 1998) e o 10,8% no caso dos afiliados no réxime especial agrario (9.001 participantes nas accións do FORCEM dos 83,4 miles de traballadores rexistrados no REASS).

• **Accións complementarias e de acompañamento á formación.**- No ano 1998, a convocatoria destes plans incorpora criterios de prioridade en función das características do ámbito territorial sectorial da súa competencia, e extende o ámbito subxectivo dos potenciais beneficiarios, incluíndose aqueles traballadores con relacións laborais de carácter especial de acordo co artigo 2 do Estatuto dos Traballadores.

Atendendo á sede social do solicitante do proxecto, o **cadro 2.2.3.** reflicte que Madrid, Andalucía e Cataluña son as que presentan un maior número de demandantes nesta convocatoria, co 31,5%, o 15,0% e 14,6% do total, respectivamente. Galicia solicitou en 1998 un total de 113 proxectos, que representan o 4,8% dos proxectos solicitados en España, o que a converte na sexta comunitade segundo o número de solicitantes, por detrás das xa mencionadas Madrid, Andalucía e Cataluña, e da C. Valenciana (7,9%) e Aragón (5,0%).

No que fai referencia á media de financiamento por proxecto solicitado, do devandito cadro se pode deducir que as comunidades canaria, madrileña e galega son as que presentan unha media superior á española (27,9 millóns de pesetas). No caso galego, na convo-

CADRO 2.2.3.

Accións complementarias de FORCEM nas CC.AA. 1998: proxectos e financiamento aprobados

	Proxectos				Financiamento			
	Proxectos solicitados	Proxectos aprobados	Aprob./total aprob.	Aprob./total solicit.	Financiamento solicitado	Financiamento aprobado	Financ. aprob./financ. solic.	Media do financiam. aprob./proxecto
		(%)			(en millones de pesetas)		(%)	(en millones de pesetas)
Andalucía	352	28	9,27	7,95	8.826	653	7,40	23,31
Aragón	118	13	4,30	11,02	2.582	363	14,06	27,96
Asturias	46	4	1,32	8,70	838	142	16,95	35,38
Baleares	32	6	1,99	18,75	827	69	8,34	11,51
Canarias	44	9	2,98	20,45	1.282	233	18,17	25,86
Cantabria	16	5	1,66	31,25	336	91	27,08	18,28
Castela e León	65	21	6,95	32,31	1.478	315	21,31	15,01
Castela - A Mancha	42	6	1,99	14,29	1.098	194	17,67	32,31
Cataluña	343	39	12,91	11,37	9.363	935	9,99	23,98
C. Valenciana	186	30	9,93	16,13	3.728	465	12,47	15,50
Estremadura	44	4	1,32	9,09	486	61	12,55	15,25
Galicia	113	12	3,97	10,62	3.640	354	9,73	29,50
Madrid	740	91	30,13	12,30	26.736	3.716	13,90	40,84
Murcia	41	5	1,66	12,20	631	72	11,41	14,35
Navarra	9	4	1,32	44,44	114	44	38,60	11,02
País Vasco	74	19	6,29	25,68	1.540	273	17,73	14,36
A Rioxoa	6	2	0,66	33,33	96	26	27,08	12,93
Ceuta	2	-	-	-	50	-	-	-
Sen datos	77	4	1,32	5,19	1.829	108	5,90	27,05
Total	2.350	302	100	12,85	65.480	8.114	12,39	26,87

Fonte: FORCEM

CADRO 2.2.4.

Permisos Individuais de Formación nas CC.AA. 1997-99: solicitudes presentadas e horas solicitadas

	Conv. 97-98			Conv. 98-99			98-99 / 97-98	98-99 / 97-98
	solicitados	solic. / total	horas solicitadas	solicitados	solic. / total	horas solicitadas	PIF solicitados	Horas solicitadas
	(%)			(%)			(%)	
Andalucía	457	12,58	81.678	536	11,61	96.189	17,29	17,77
Aragón	77	2,12	12.937	112	2,43	18.239	45,45	40,98
Asturias	176	4,84	31.776	192	4,16	36.080	9,09	13,54
Baleares	34	0,94	6.687	73	1,58	12.218	114,71	82,71
Canarias	49	1,35	11.675	79	1,71	14.186	61,22	21,51
Cantabria	12	0,33	2.227	15	0,32	2.127	25,00	-4,49
Castela e León	118	3,25	21.099	167	3,62	30.653	41,53	45,28
Castela - A Mancha	46	1,27	8.477	60	1,30	9.824	30,43	15,89
Cataluña	680	18,71	122.416	1.017	22,03	176.518	49,56	44,20
C. Valenciana	462	12,71	83.075	521	11,28	96.632	12,77	16,32
Estremadura	26	0,72	4.667	37	0,80	6.293	42,31	34,84
Galicia	202	5,56	39.047	208	4,51	39.044	2,97	-0,01
Madrid	895	24,63	154.452	1.143	24,76	200.643	27,71	29,91
Murcia	130	3,58	25.698	119	2,58	23.004	-8,46	-10,48
Navarra	37	1,02	6.347	43	0,93	7.786	16,22	22,67
País Vasco	174	4,79	32.233	272	5,89	53.259	56,32	65,23
Rioxoa	14	0,39	2.457	20	0,43	4.557	42,86	85,47
Sen datos	45	1,24	2.249	3	0,06	-	-	-
Total	3.634	100	649.197	4.617	100	827.252	27,05	27,43

Fonte: FORCEM

CADRO 2.2.5.

Permisos Individuais de Formación nas CC.AA. 1997-99: horas e asignaturas aprobadas

PIF aprob.	Horas Aprob.	Conv. 97-98		Conv. 98-99		Media asign. aprob. por solicitante	Media horas aprobadas por solicitante	Media horas aprob. por solicitante
		Nº asignaturas aprobadas	Media horas aprobadas por solicitante	PIF aprob.	Horas Aprob.			
Andalucía	396	65.485	1.642	165.37	4.15	472	83.675	2.422
Aragón	62	9.819	229	158.37	3.69	94	15.465	491
Asturias	153	27.554	521	180.09	3.41	168	31.196	797
Baleares	33	5.717	128	173.23	3.88	55	9.706	271
Canarias	47	7.855	150	167.12	3.19	63	11.103	280
Cantabria	10	1.707	31	170.70	3.10	14	2.187	42
Castela e León	91	15.939	376	175.15	4.13	151	27.339	732
Castela - A Mancha	38	6.334	100	166.68	2.63	53	8.920	256
Cataluña	566	89.708	2.138	158.49	3.78	843	138.999	4.697
C. Valenciana	403	65.667	1.471	162.95	3.65	465	82.161	2.801
Estremadura	24	3.898	79	162.42	3.29	29	5.252	141
Galicia	187	34.995	648	187.14	3.47	192	36.757	795
Madrid	778	122.049	2.956	156.87	3.80	995	169.135	4.853
Murcia	118	22.338	548	189.31	4.64	105	20.588	586
Navarra	27	4.261	128	157.83	4.74	38	6.621	172
Pais Vasco	156	25.574	561	163.94	3.60	221	37.991	1.261
Rioxa	7	1.070	25	152.86	3.57	19	3.490	116
Total	3.096	509.970	11.731	164.72	3.79	3.977	690.585	20.713
								173.64

Fonte: FORCEM

catoria de 1998 a media de financiamento ascendeu a 32,2 millóns de pesetas.

No que á distribución territorial dos proxectos aprobados se refire, o **cadro 2.2.3.** amosa cómo basicamente se mantén a estrutura de demanda. Madrid, Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana obteñen as maiores porcentaxes de aprobación. No caso galego esta porcentaxe ascende ó 4,0% do total español.

As cantidades aprobadas para cada proxecto reducen a media de financiamento. Asturias (35,4 millóns de pesetas), Aragón (28), Castela-A Mancha (32,3), Galicia (29,5) e Madrid (40,8 millóns) son as comunidades que presentan unha media máis alta cá estatal, que se sitúa por debaixo dos 27 millóns de pesetas.

Sobre esta clasificación, unha medida sobre a execución dos proxectos de medidas complementarias a nivel territorial ven dada pola relación entre a aprobación e a solicitude de proxectos. Desta forma, as comunidades con maior aprobación de proxectos en relación co número de solicitudes presentadas foron Navarra (44,4%), Castela e León (32,3%) e Cantabria (31,3%). Galicia foi a cuarta comunidade co índice máis baixo, cun 10,6% na convocatoria de 1998.

• **Permisos individuais de formación.**- A convocatoria de 1998 presenta como diferencia significativa respecto ás anteriores o establecemento dun plazo máximo de 25 días, dende a posta a disposición polo FORCEM da documentación correspondente, para a realización do pagamento das axudas outorgadas.

O **cadro 2.2.4.** recolle o número de solicitudes presentadas e horas solicitadas segundo comunidade autónoma do centro de traballo. Atendendo ó crecemento do número de solicitudes de permisos, en tódalas comunidades experimentáronse valores positivos de crec-

mento agás na comuidade de Murcia, onde descienden un 8,5% respecto ó ano anterior.

O crecemento interanual do número de plans solicitados en Galicia foi do 3% respecto ó ano anterior (pasa de 202 plans na convocatoria 1997 ós 208 de 1998), en tanto que o número de horas solicitadas permanece praticamente constante, ó pasar de 39.047 ás 39.044 horas de 1998. A media estatal deste crecemento foi de 27,1% no que ó número de plans solicitados se refire (pasa de 3.634 en 1997 ós 4.617 de 1998) e de 27,4% no número de horas solicitadas (649.197 e 827.252 horas).

Comparando o número total de horas solicitadas en cada comunidade co total estatal, o **cadro 2.2.4.** amosa un descenso da súa importancia relativa en Galicia. Galicia é, en 1998, a sexta comunidade en canto ó número de solicitudes, con 208 (o 4,5% do total de solicitudes en España fronte ó 5,6% do ano anterior), superada por Madrid (24,8%), Cataluña (22,0%), Andalucía (11,6%), C. Valenciana (11,3%) e, neste ano, polo País Vasco (5,9%).

Finalmente, o **cadro 2.2.5.** reflicte o número de permisos, horas e asignaturas aprobadas segundo a comunidade autónoma do centro de traballo. Na convocatoria 98/99 catro comunidades –Madrid, Cataluña, Andalucía e C. Valenciana– concentran o 69,8% do total de permisos aprobados (2.775), o 68,6% das horas (473.970) e o 71,3% das asignaturas (14.773). Galicia sería a sexta comunidade en número de permisos (192 permisos, o 4,8%) e horas aprobadas (36.757, o 5,3%) e a séptima en canto a asignaturas (795 asignaturas, o 3,8%).

A media de horas aprobadas por solicitante en Galicia foi de 191,4 horas (187,1 o ano anterior), superior á rexistrada no conxunto do Estado, que ascendeu a 173,6 horas (164,7 en 1997). Pola contra, a media de asignaturas aprobadas por solicitante (4,1 asignaturas) é

CADRO 2.2.6.

Formación ocupacional 1998-99: cursos, presupuestos e alumnos

	1998			1999		
	Cursos	Presupuestos (en pesetas)	Alumnos	Cursos	Presupuestos (en pesetas)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.273	5.181.368.239	19.095	1.475	6.305.449.751	23.845
Compromisos de contratación FIP	244	698.268.615	3.660	289	643.758.975	4.442
Compromisos de contratación FSE				8	17.983.140	120
Medios propios	157	515.868.169	2.355	156	520.344.673	2.316
Plan autonómico de formación de formadores	42	42.456.250	630	60	63.497.900	900
Otras acciones formativas	92	210.088.964	1.380	122	283.267.061	2.711
Total	1.808	6.648.050.237	27.120	2.110	7.834.301.500	34.334

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.7.

Plan FIP 1998-99: programación provincial e pluriprovincial

	1998			1999		
	Cursos	Alumnos	Presupuestos (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Presupuestos (en pesetas)
Programación provincial						
A Coruña	243	3.645	1.076.498.625	237	3.838	1.202.153.250
Lugo	127	1.905	562.774.500	152	2.461	695.783.250
Ourense	149	2.235	578.323.830	194	3.151	788.272.380
Pontevedra	212	3.180	922.617.300	248	4.055	1.187.226.630
Total	731	10.965	3.140.214.255	831	13.505	3.873.435.510
Programación pluriprovincial	542	8.130	2.041.153.984	644	10.340	2.432.014.241

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

inferior á correspondente ó conxunto do estado (5,2 asignaturas).

Formación e colocación: Comunidade Autónoma

A análise da política da Xunta de Galicia en materia de formación e colocación centrarse en tres grandes aspectos: un primeiro referido á formación profesional ocupacional, centrada no ámbito laboral, e que á súa vez, abrangue a formación continua ou de activos e desempregados; o segundo céntrase no Servicio Galego de Colocación, onde a súa configuración e funcionamento se enmarca na mellora da empregabilidade; finalmente, comentarase a situación das escolas obradoiro e casas de oficios e unidades de promoción e desenvolvemento.

- **Formación profesional ocupacional.**- Esta é unha política activa de emprego realiza-

da desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación. Mediante o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP), elaborado anualmente pola devandita Dirección Xeral, prógrámanse accións formativas para desempregados inscritos no Servicio Público de Emprego de Galicia. Xunto ás accións formativas contidas no devandito plan, existe unha serie de medidas complementarias que están financiadas polo Fondo Social Europeo.

En 1999, créase o Instituto Galego das Cualificacións, como instrumento específico de carácter técnico para garanti-la implantación efectiva do Sistema Nacional de Cualificacións.

O **cadro 2.2.6.** recolle un resumo da formación ocupacional en Galicia, onde se pode aprecia-lo aumento do número de cursos e o

CADRO 2.2.8.

Plan FIP 1999. Distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en pesetas)
Administración e oficinas	386	6.230	1.475.996.475
Agricultura	57	914	223.955.171
Artesanía	28	451	132.891.825
Automoción	26	424	118.904.625
Comercio, márketing e vendas	216	3.380	867.860.775
Comunicación	18	305	117.934.245
Construcción	99	1.674	658.016.475
Industria	35	565	194.443.275
Industria agroalimentaria	9	141	45.886.500
Madeira e moble	33	565	233.367.225
Mantenemento instalacións	89	1.475	480.903.630
Medio ambiente	13	206	54.431.325
Otros	25	380	57.475.350
Pesca e acuicultura	1	15	4.326.000
Sanidade	110	1.772	305.673.600
Servicios	201	3.246	709.363.650
Téxtil	59	940	223.787.325
Turismo e hostalería	70	1.162	400.250.280
Total	1.475	23.845	6.305.467.751

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

presupuesto adicado no ano 1999. Neste ano realizarónse un total de 2.110 cursos (302 máis que no ano anterior), cun presupuesto de 7.834,3 millóns de pesetas (1.186,2 millóns superior ó presupostado en 1998), ós que asistiron un total de 34.334 alumnos.

No que ós cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, en 1999 realizarónse un total de 1.475 cursos: 644 de programación pluriprovincial e 831 de programación provincial. Ós cursos de programación provincial, ós que asistiron un total de 13.505 alumnos, adicáronse un total de 3.873,4 millóns de pesetas, distribuidos segundo se reflicte no **cadro 2.2.7**. Ós 644 cursos de programación pluriprovincial, que contaron cun presupuesto de 2.432 millóns de pesetas, asistiron un total de 10.340 alumnos.

Respecto á distribución sectorial destes cursos, o **cadro 2.2.8**. permite apreciar que o subsector administración e oficinas é o que acolle un maior número de cursos e alumnos, con 386 e 6.230, respectivamente. Séguelle en importancia o comercio, marketing e vendas, con 216 cursos en 1999, e un total de 3.380 alumnos; e servicios, con 201 cursos e 3.246

alumnos. Pola contra, os que menos cursos realizan son os subsectores da pesca e acuicultura e a industria agroalimentaria, cun e nove cursos, respectivamente.

No concernente ós cursos con compromiso de contratación, en 1999 se manteñen os tres requisitos de contratar a un 60% dos alumnos que inicien os cursos, cunha duración mínima do contrato de 6 meses e por un tempo equivalente ou superior a media xornada. No ano 1999, o número de cursos incrementouse nun 18,4% con respecto ó ano anterior, aprobándose un total de 289 cursos ós que asistiron un total de 4.442 alumnos e cun presupuesto de 643,8 millóns de pesetas.

En canto á súa distribución xeográfica, o **cadro 2.2.9**. reflicte que a provincia de Pontevedra é a que maior número de cursos realiza, con 170, e acolle a un total de 2.623 alumnos (o 59%). No extremo aposto está Lugo, que presenta tan só 13 cursos en 1999, ós que asisten un total de 179 alumnos (o 4%).

O **cadro 2.2.10**. reflicte a distribución sectorial dos cursos con compromiso de contrata-

CADRO 2.2.9.

Cursos con compromiso de contratación 1998-99

	1998				1999			
	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)
A Coruña	36	72	1.080	267.540.030	43	70	1.069	223.627.395
Lugo	6	6	90	26.877.825	12	13	179	59.682.675
Ourense	22	47	705	176.783.700	19	36	571	111.272.630
Pontevedra	20	119	1.785	227.067.060	24	170	2.623	249.176.275
Total	84	244	3.660	698.268.615	98	289	4.442	643.758.975

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.10.

Cursos con compromiso de contratación 1998-99: distribución sectorial

	1998			1999		
	Cursos	Alumnos	Presupuestos (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Presupuestos (en pesetas)
Administración e oficinas	15	224	39.661.350	5	76	4.893.000
Agricultura	1	15	3.997.500	3	41	11.415.495
Artesanía	-	-	-	1	12	11.110.500
Automoción	-	-	-	1	11	5.190.750
Comercio, marketing e ventas	24	360	50.440.275	20	338	37.843.950
Comunicación	-	-	-	1	10	2.605.650
Construcción	3	45	9.544.410	1	10	5.768.000
Industria	21	315	125.270.895	7	113	52.936.875
Industria agroalimentaria	5	75	14.046.150	1	16	4.022.250
Madeira e moble	8	120	65.925.900	4	55	26.309.175
Mantenemento instalacións	4	60	18.628.125	-	-	-
Outros	89	1.335	123.214.935	155	2.390	169.512.050
Sanidade	4	60	8.220.600	11	174	26.964.750
Servicios	6	90	33.148.200	4	62	20.332.550
Téxtil	59	885	181.235.775	71	1.075	231.733.575
Turismo e hostelería	5	75	24.934.500	4	59	33.120.405
Total	244	3.659	698.268.615	289	4.442	643.758.975

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.11.

Programación con medios propios (1) 1998-99

	1998			1999		
	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Importe (en pesetas)
A Coruña	63	945	209.021.684	42	625	138.988.875
Lugo	42	630	194.032.635	56	875	216.222.360
Ourense	45	675	99.693.175	48	665	138.936.437
Pontevedra	7	105	13.120.675	10	151	26.197.001
Total	157	2.355	515.868.169	156	2.316	520.344.673

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
 Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

CADRO 2.2.12.

Programación con medios propios 1998-99: distribución sectorial

	1998			1999		
	Cursos	Alumnos	Presupuesto (en pesetas)	Cursos	Alumnos	Presupuesto (en pesetas)
Administración de oficinas	18	270	63.516.900	21	314	59.478.200
Agricultura	30	450	68.515.850	20	297	60.335.100
Artesanía	2	30	7.990.000	2	29	7.990.000
Automoción	5	75	20.076.750	6	92	24.359.488
Comercio, marketing e vendas	6	90	17.253.575	4	60	14.520.075
Comunicación	2	30	7.654.500	-	-	-
Construcción	16	240	61.633.650	14	210	56.135.400
Industria	11	165	61.148.750	14	215	54.556.200
Madeira e moble	3	45	27.742.500	7	110	48.175.500
Mantenemento instalacións	34	510	108.703.545	32	449	111.847.409
Medio ambiente	1	15	2.418.749	1	16	3.018.376
Otros	1	15	211.300	1	15	460.200
Sanidade	2	30	4.050.375	4	61	11.608.875
Servicios	15	225	29.048.925	21	306	42.774.075
Téxtil	5	75	17.467.125	2	31	6.684.375
Turismo e hostalería	6	90	18.435.675	7	111	18.401.400
Total	157	2.355	515.868.169	156	2.316	520.344.673

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación

ción. Nel pódese apreciar que o sector do téxtil é o que acolle un maior número de cursos e alumnos, con 71 (24,6%) e 1.075 (24,2%), respectivamente. Este sector ten un presupuesto de 231,7 millóns de pesetas (36% do total). Séguelle en importancia o comercio, marketing e vendas con 20 cursos en 1999, e un total de 338 alumnos, e a sanidade con 11 cursos e 174 alumnos. Pola contra, os que menos cursos realizan son os subsectores da artesanía, automoción, comunicación, construcción e industria agroalimentaria, todos eles cun curso.

Con cargo ó presupuesto do Plan FIP, impartíronse un total de 156 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 520,3 millóns de pesetas. Do total dos cursos, o **cadro 2.2.11.** reflicte que na provincia de Lugo se imparte o maior número (56 cursos), en tanto que a provincia de Pontevedra, con só 10 cursos, é na que menos cursos se imparten.

Atendendo á distribución sectorial da programación dos cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia, o **cadro 2.2.12.** reflicte que o

sector de mantenemento de instalacións é o que acolle o maior número de cursos, con 32 e 449 alumnos, seguido pola administración de oficinas e o sector servicios, con 21 cursos, e pola agricultura, con 20 cursos no ano 1999. Pola contra, son os sectores de medio ambiente, con 1 curso, e artesanía e téxtil, con 2 cursos, os sectores que menos cursos acollen.

- **Servicio Galego de Colocación.**- Entre as actuacións do Servicio Galego de Colocación salientan as accións personalizadas de orientación laboral para o traballo por conta allea ou de asesoramento para o autoemprego. Ó longo de 1999, o número total de demandantes de emprego ós que se lles ofertou unha acción de orientación laboral ascende a 99.000 persoas, que ben a través das oficinas de emprego, ben a través dos centros colaboradores, foron axudados na optimización do seu proceso de procura de emprego.

Dentro do conxunto de accións de orientación destanquen tamén as destinadas ó asesoramento ós novos empresarios, ben sexa como autónomos, ou ben mediante algunha fórmula asociativa. No ano 1999 a rede de autoemprego

CADRO 2.2.13.

Familias profesionais con maior demanda na área de autoemprego 1999

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(%)			
Agricultura e gandería	2,86	5,71	2,85	4,31
Admón. de oficinas	9,89	12,38	11,42	11,29
Artesanía	1,56	0,95	2,85	2,99
Automoción	1,04	-	1,22	2,65
Comercio, marketing e vendas	26,04	21,90	19,59	24,25
Comunicación e ocio	5,98	2,85	5,71	2,99
Construcción	5,72	6,66	6,12	2,99
Industrias agroalimentarias	1,04	3,80	2,85	2,32
Industria	0,78	0,95	0,40	0,66
Madeira e mobles	0,78	0,95	3,67	2,65
Mantenemento e instalacións	1,56	0,95	2,44	1,99
Medio ambiente	-	-	0,40	-
Minería	-	-	-	0,33
Pesca e acuicultura	0,78	-	-	0,33
Sanidade	4,16	1,90	2,44	2,99
Servicios	20,05	18,09	21,63	21,92
Turismo e hostalería	15,62	20,95	13,87	13,28
Téxtil	2,08	1,90	2,44	1,99

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.2.14.

Escolas-obraidoiro, casas de oficios, obraidoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento 1998-99

	1998	1999
Escolas-obraidoiro e casas de oficios		
número alumnos	81 3.620	80 3.821
postas en marcha ó longo do exercicio alumnos	35 1.580	28 1.473
Obraidoiros de emprego		
número beneficiarios	-- --	5 247
Unidades de promoción e desenvolvemento		
número beneficiarios	3 24	3 24

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 2.2.15.

Especialidades más impartidas nas escolas-obraidoiro, casas de oficios e obraidoiros de emprego 1999

	(%)	
Familia profesional	Escolas-obraidoiro e casas de oficios	Obraidoiros de emprego
Construcción	49	22
Construcción metálica	5	7
Electricidade	2	5
Madeira	17	5
Medio ambiente	9	40
Ornamentais e xardins	16	5
Pel e coiro	-	12
Outros	2	-

Fonte: Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude

atendeu un total de 1.100 solicitudes de asesoramiento.

Atendendo á desagregación nas familias profesionais máis demandadas, o **cadro 2.2.13.** reflicte que a maior parte das demandas de asestaramento pertencen ó campo do comercio, marketing e vendas; servicios e turismo e hostelería.

Outra das liñas de actuación do Servicio Galego de Colocación, desde o punto de vista da mellora da empregabilidade ou da capacidade de inserción dos desempregados, é a intermediación no mercado laboral relacionando oferta e demanda de emprego.

No ano 1999, 126.000 persoas utilizaron o Servicio Galego de Colocación (en 1998 foron 160.274) e o número de postos de traballo ofertados polas empresas ascendeu a 23.341 (3.149 máis que en 1998).

Finalmente, o número de altas de postos de traballo ofrecidos para xestión (altas de ofertas), que son os postos de traballo ofrecidos por empresas e organismos públicos ou privados rexistrados nas oficinas de emprego, ascendeu a 45.662, un 2,1% menos que no ano anterior. Atendendo á súa desagregación sectorial, en 1999 o sector primario acolleu un total de 1.028 altas (326 menos que en 1998), a industria, un total de 5.169 (98 menos), o sector da construcción, 9.054 (153 altas menos) e o sector servicios, 30.411 altas (297 máis que no ano anterior).

- **Escolas-obraidoiro, casas de oficio e unidades de promoción e desenvolvemento.**- Ó longo de 1999 beneficiáronse das accións formativas das 80 escolas obradoiro e casas de oficio un total de 3.821 desempregados menores de 25 anos, dos que o 30% foron mulleres (**cadro 2.2.14.**).

No ano 1999 puxéronse en marcha 28 escolas obradoiro, nas que participaron un total de 1.473 desempregados. A 31 de decembro estaban en funcionamento 45 proxectos, que dan cabida a 2.223 mozos desempregados.

O **cadro 2.2.15.** recolle as especialidades más frecuentemente impartidas, onde salienta a construción (49%), a madeira (17%) e as actividades ornamentais e xardíns (16%).

A finais de 1999 entrou en funcionamento o programa de obradoiros de emprego, que está adicado a mellora-las posibilidades de inserción laboral dos desempregados de 25 ou máis anos, tendo prioridade aqueles que teñan especiais dificultades para atopar un posto no mercado laboral.

Os proxectos que iniciaron o seu funcionamento foron 5, cun total de 247 beneficiarios, dos que o 44% son mulleres. As familias profesionais nas que se inclúen as especialidades impartidas son as que se reflictan no **cadro 2.2.15.** ■

